

Os alcaldes socialistas da Montaña requiren á Xunta que dote ao HULA dos medios necesarios par garantir a asistencia sanitaria dos veciños e veciñas dos seus concellos

O documento foi presentado polos alcaldes dos concellos de Becerreá, A Fonsagrada, Cervantes, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz e Pedrafita do Cebreiro, ante o Consello da Xunta de Galicia para que a Consellería de Sanidade atenda as necesidades desta zona

Os rexedores dos concellos da Montaña consideran que os seus conveciños e conveciñas son os máis afectados pola demora na chegada deste servizo a Lugo, xa que son os que máis tardan en desprazarse ata A Coruña, onde está o único hospital de referencia para as patoloxías cardíacas

“Por si esta situación no fora xa suficientemente inxusta e preocupante, a Xunta de Galicia retirou as achegas económicas para o sostemento do PAC de Becerrá, polo que a situación sociosanitaria da poboación dos concellos sofre un empeoramento paulatino e constante”, indican

A MONTAÑA, 23 DE ABRIL DE 2015.- Os alcaldes socialistas dos concellos de Becerreá -Manuel Martínez-, A Fonsagrada -Argelio Fernández-, Cervantes -Benigno Tadín-, Navia de Suarna - José Fernández-, Negueira de Muñiz -José Manuel Braña- e Pedrafita do Cebreiro -José Luis Raposo-, presentaron ante o Consello da Xunta de Galicia o requirimento previo para que, no prazo dun mes, o Goberno de Feijoo adopte as medidas oportunas para dotar dos medios necesarios ao HULA para a posta en marcha da hemodinámica 24 horas e desta forma que a Consellería de Sanidade atenda as necesidades desta zona.

Os rexedores dos concellos da Montaña consideran que os seus conveciños e conveciñas son os máis afectados pola demora na chegada deste servizo a Lugo, xa que son os que máis tardan en desprazarse ata A Coruña, onde está o único hospital de referencia para as patoloxías cardíacas.

Por iso, os alcaldes enviaron este requirimento xa que, como indican os expertos, as intervencións cuxo traslado sexa de 120 minutos, o índice de mortalidade ao ano pode situarse no 6,8%, e no caso das 118 parroquias dos concellos da Montaña, en 105 o desprazamento achégase ás dúas horas. Os socialistas critican que debido ao incumprimento da Xunta no relativo á dotación do HULA destas prestación, vivir no 88´48% destas aldeas aumenta o risco de que os veciños poidan perder a vida no traxecto. Pola contra, no caso de dotar ao HULA do servizo, polos tempos de resposta en caso de emerxencia, os concellos asinantes estaría entre 30 e 50 minutos da cidade de Lugo, o que reduciría enormemente os riscos.

Fragrante omisión do dereito á saúde

Os alcaldes denuncian ademais que “por si esta situación no fora xa suficientemente inxusta e preocupante, a Xunta de Galicia retirou as achegas económicas para o sostemento do PAC de Becerrá, polo que a situación sociosanitaria da poboación dos concellos sofre un empeoramento paulatino e constante”.

Ante estes feitos, indican que “a Consellería de Sanidade está a incumprir sistematicamente as súas obrigas cos cidadáns e cidadás lucenses e constitúe unha flagrante omisión do nosos dereitos á saúde mediante o acceso a unha sanidade pública que preste as medidas preventivas e os servizos necesarios”.